



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A ESCOLA GALEGA DE ADMINISTRACIÓN PÚBLICA E A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL PARA A ORGANIZACIÓN DO CURSO DE CAPACITACIÓN PARA O DESEMPEÑO DA FUNCIÓN DE INSPECCIÓN DE SERVIZOS SOCIAIS

MEMORIA XUSTIFICATIVA

María Francisca Gómez Santos, secretaria xeral Técnica da Consellería de Política Social

DECLARA:

Que a Consellería de Política Social ten previsto formalizar coa Escola Galega de Administración Pública (EGAP) o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data da sinatura do convenio por todas as partes ata o 31 de decembro de 2021, podendo prorrogarse por mutuo acordo das partes antes da súa finalización.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Articular a colaboración entre a EGAP e a Consellería de Política Social para o desenvolvemento conxunto do curso de capacitación para o desempeño da función de inspección de servizos sociais dirixido a persoal funcionario dos grupos A1, A2 e C1 e persoal laboral dos grupos I e II preferentemente con titulación universitaria (licenciatura ou grao correspondente) en dereito, psicoloxía, pedagogía, psicopedagogía, educación social, relacións laborais, traballo social, ciencias políticas, socioloxía, terapia ocupacional, enfermmería, fisioterapia ou medicina.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden a consecución do obxectivo referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta en que ambas partes consideran de mutuo interese colaborar na organización e desenvolvemento do curso de capacitación para o desempeño da función de inspección para o cal levarán a cabo as seguintes actuacións:

1ª As actuacións que levará a cabo a Consellería de Política Social son as seguintes:

a) Financiar as actividades derivadas deste convenio mediante a achega das cantidades sinaladas na cláusula quinta.





- b) Establecer o programa formativo do curso, o seu calendario, o persoal docente e o número de persoas destinatarias da acción formativa resultante do previo procedemento de selección,
- c) Levar a cabo o seguimento das probas de cada módulo.
- d) Realizar a proba final
- e) Propor a lista de alumnos/as que superen o curso para a expedición do certificado acreditativo pola EGAP.

2ª As actuacións que levará a cabo a EGAP son as seguintes:

- a) Xestionar o proceso de matrícula no curso e propoñer a selección das persoas solicitantes, confirmada posteriormente pola Consellería de Política Social.
- b) Pór á disposición a súa plataforma informática e as súas instalacións para o desenvolvemento do curso.
- c) Expedir o certificado de aptitude do alumnado que supere o curso.
- d) Avaliar as actividades derivadas deste convenio mediante o cuestionario de satisfacción que porá a disposición do alumnado ao remate da acción formativa.

Para o desenvolvemento das actuacións previstas no convenio, a colaboración entre as partes organízase do seguinte xeito:

- A EGAP colaborará coa posta a disposición das súas instalacións, dos seus medios telemáticos e cos seus medios persoais e materiais. A sinatura deste convenio non implica, por parte da EGAP, compromiso de gasto con cargo ás partidas orzamentarias do estado de gastos do orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o exercicio corrente.

- A Consellería de Política Social colaborará economicamente coa achega dun importe de 10.350,00€ (IVE engadido) con cargo á partida orzamentaria 13.01.311A.226.06 do orzamento da Xunta de Galicia para o ano 2021, para a realización dunha edición da actividade “Curso de capacitación para o desempeño da función de inspección de servizos sociais”.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a realización dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico





español as directivas do parlamento europeo e do consello 2014/23/UE y 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, ou outro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela.

